



## **ADMISIÓN DE ALUMNADO NESTE CENTRO PARA O CURSO 2012- 2013 SÓ PARA ALUMNOS/AS NOVOS NO CENTRO**

A normativa que regula este proceso de admisión esta na Orde da Consellería de 17 de marzo de 2007 (DOG nº 55 do luns, 19 de marzo).

### **1. - PRAZOS**

O prazo para solicitar a admisión de alumnado neste Centro para o vindeiro curso 2012 - 2013 **será do 1 ao 31 de marzo. Pasada esta data, DEBERÁN PRESENTAR A SOLICITUDE DIANTE DA COMISIÓN DE ESCOLARIZACIÓN OU DO SERVIZO PROVINCIAL DA INSPECCIÓN EDUCATIVA.**

### **2. - DOCUMENTACIÓN**

**A SOLICITUDE, MODELO OFICIAL ANEXO II, RECOLLERASE NA SECRETARÍA DO CENTRO E XUNTARÁSELLE COPIA DO DNI DO ALUMN@ OU DO LIBRO DE FAMILIA.**

De sé lo caso que haxa máis solicitantes que prazas escolares, a presentación da documentación para aplicar o baremo para a adxudicación das prazas será **do 10 ao 20 de abril.**

### **3. - PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DE ADMITIDOS**

A publicación das **listaxes provisionais** de admitidos e non admitidos será **o día 30 de abril.**

### **4. - RECLAMACIÓN CONTRA AS LISTAXES**

O prazo para reclamar contra as listaxes provisionais publicadas será **do día 30 de abril ao 9 de maio.**

### **5. - PUBLICACIÓN DAS LISTAXES DEFINITIVAS**

As listaxes definitivas de admitidos e non admitidos será **o día 15 de maio.**



## 6.- FORMALIZACIÓN DA MATRÍCULA

O prazo para formalizar a matrícula neste Centro, unha vez admitidos, **será do 20 ao 30 de xuño.**

**Se non se formaliza a matrícula nestas datas, de acordo co artigo 52.3 da orde reguladora deste proceso, perderase a praza obtida.**

## 7.- SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

Este Centro conta con servizo de **transporte escolar**, programa de atención ao alumnado antes do horario lectivo (**Plan Madruga**) e servizo de **comedor escolar**.

O Centro está acollido aos programas PROA (Reforzo, Orientación e Apoio para o alumnado de 5º e 6º) e PLAMBE (Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares)

## 8.- CENTROS ADSCRITOS

Este Centro ten adscrita á **Escola de Educación Infantil 'Fina Casalderrey'**, estando á súa vez adscrito ao **IES Luis Seoane**.

## 9.- OFERTA DE POSTOS ESCOLARES

NIVEL	Nº POSTOS	OCUPADOS	VACANTES
1º	66+ 9 Neeae	45	21 + 9
2º	75	59	16
3º	75	62	13
4º	75	51	24
5º	75	57	18
6º	50	40	10

## 10.- NOTA IMPORTANTE

**Só se pode presentar unha única solicitude no centro no que se solicita praza en primeiro lugar.** Caso de presentar solicitudes en varios centros, estas serán nulas, de acordo co artigo 12.1 b) da orde reguladora. Nestes casos, de acordo co artigo 12.2, a escolarización será realizada pola Comisión de Escolarización ou polo Servizo Provincial da Inspección Educativa.

Pontevedra, 1 de marzo de 2012

A Directora

Asdo.: M<sup>a</sup> Pilar Lores Torres